

BIBLIOTECA / ARQUIVO ÁLVARO CUNQUEIRO

NORMAS BÁSICAS DE USO

DOCUMENTOS OBXECTO DE PRÉSTAMO O fondo bibliográfico pode ser obxecto de préstamo coas seguintes excepcións: (a) as enciclopedias e dicionarios, (b) publicacións periódicas, (c) exemplares únicos de custosa reposición, e (d), todos aqueles materiais que pola súas características e estado de conservación fagan aconsellable a súa consulta exclusiva nas instalacións ba biblioteca.

CONDICIÓNS DE PRÉSTAMO O horario de préstamo a domicilio varía cada cuatrimestre e cada curso segundo a dispoñibilidade do profesorado adscrito ao servizo. O horario pode consultarse na páxina web , na sección biblioteca ou nos taboleiros de información.

Para poder solicitar un préstamo a domicilio será necesaria a presentación do carné expedido pola Escola ou o DNI. En todo caso será necesario xustificar a vinculación coa ESADg.

O número máximo de volumes para ter en préstamo é de tres para alumnado e de cinco para profesorado, cun prazo de devolución de 15 e 20 días respectivamente.

RENOVACIÓNS Será posible renovar o préstamo sempre que a obra non estea reservada por outra/o usuaria/o e que a persoa interesada non incorrese en penalización. A renovación deberá facerse con antelación á data de devolución. A renovación poderá realizarse, sempre en prazo, enviando solicitude a: biblioteca@esadgalicia.com

RESERVAS Poderán realizarse reservas de libros prestados. Unha vez devoltos, o Servizo avisará a/o interesada/o que fixese a reserva para que poida retiralo.

PRÉSTAMOS EXTRAORDINARIOS Nos períodos sen actividade lectiva (Nadal, Semana Santa) haberá préstamos cunha duración extraordinaria, que se comunicará coa suficiente antelación na propia Sala de Biblioteca. Este tipo de préstamos non admitirá renovación.

INCUMPRIMENTO DAS NORMAS A/o usuaria/o, no momento de rexistrar os seus datos no sistema de préstamo, acepta as condicións de utilización do servizo, e as limitacións e penalizacións derivadas do seu incumprimento.

RETRASO NA DEVOLUCIÓN As/os usuarias/os que soliciten material da Biblioteca en préstamo, asumen a responsabilidade de devolvelo ou renovalo nos prazos establecidos. O retraso na devolución do material suporá a suspensión do dereito de préstamo durante tres días naturais por día de demora na devolución. Cando o usuario incorra en 5 penalizacións, ao longo do mesmo curso académico, perde o dereito de préstamo durante a duración do mesmo.

DETERIORO E USO INDEBIDO DO MATERIAL As/os usuarias/os velarán pola correcta conservación dos materiais prestados. Por iso cando se comprobe que algún libro ou outro material sufriu deterioro do tipo que fose durante o período de préstamo, a/o usuaria/o deberá restituír o volume ou material ou abonar o seu importe, medida que será de aplicación no caso de perda do material obxecto de préstamo. En tanto non se realice a restitución do material a/o usuaria/o perderá o dereito ao préstamo.

USOS NON AUTORIZADOS DE MATERIAL DA BIBLIOTECA Cando un/ha usuaria/o retire da Biblioteca calquera material sen cumprir as normas de uso da mesma, perderá o dereito ao préstamo durante o curso académico completo, e informarse á Dirección para os efectos oportunos.